

Resumo do Traballo de Fin de Grao

(Describe brevemente o traballo a desenvolver, xustificando o interese do mesmo, e indicando obxectivos, descrición técnica, proceso de desenvolvemento, e medios empregados. Engada tantas liñas como sexa necesario)

A cidade de Ourense será sede de campionatos importantes de atletismo a nivel nacional nos próximos anos, xa que conta dende o ano 2018 cunha nova pista cuberta na que albergar os diferentes concursos: salto con pértiga, lanzamento de peso, salto de lonxitude... Xa é a responsable de celebrar campionatos a nivel autonómico, e a principios de 2019 albergou o campeonato de España de categoría Máster (>35anos). O próximo ano será encargada de recibir ós atletas que competirán no campeonato de España absoluto e o pavillón segue a modernizarse coa instalación de novas gradas e una pantalla xigante.

O propósito deste TFG é intentar dar un empurrón máis a esta modernización. Ata agora os xuíces secretarios das probas de atletismo encárganse de cubrir a man as follas de campo durante as probas. Estas follas son revisadas e calcúlase a clasificación unha vez termina a proba, e entréganse ao xuíz árbitro, que da o visto bo e os entrega a un terceiro xuíz que pasa os resultados a ordenador. Un proceso moi arcaico que podería simplificarse se o xuíz secretario contase cunha tableta na que cubrir as follas de campo, calculándose automaticamente as clasificacións e as descalificacións por 3 intentos nulos consecutivos. Aforrárase así a labor de revisión tanto do xuíz secretario coma do xuíz árbitro e esto favorecería o desenvolvemento áxil das competicións, que case sempre aglutinan milleiros de probas e o cumprimento dos horarios é todo un reto.

O mesmo pode aplicarse á cámara de chamadas. A cámara de chamadas é o lugar onde se presentan os atletas xusto antes da proba na que participan para confirmar que van a competir. Agora mesmo, un xuíz é o encargado de acercar á cámara de chamadas un listado en papel dos atletas inscritos na proba. Logo, os xuíces de cámara de chamadas usan ese listado para identificar aos atletas que se presentan e marcan nel os que confirman a súa participación. Este proceso repítese para cada proba polo que si hay 40 probas (una cifra moi normal) haberá alguén constantemente facendo viaxes a pé dende a secretaría ata a cámara de chamadas, e calquer cambio de última hora nos listados pode derivar nun retraso. Ademais, una vez confirmados os atletas o listado entregase ao xuíz xefe da proba na que participan para corroborar que todo está correcto e se pode iniciar a proba. Sería moito mais sinxelo se os xuíces de cámara de chamadas contasen cunha tablet con acceso a internet na que ver os listados e poder confirmar a participación dos atletas. Despois o xuíz xefe da proba podería ver o listado confirmado mesmo co seu smartphone. Aforrárase así tempo, viaxes a pé...e papel.

O obxectivo desde traballo é polo tanto desenvolver una aplicación web que permita facer o descrito anteriormente, simplificando así a labor dos xuíces e intentando modernizar o entorno destas competicións, que seguen a utilizar sistemas moi tradicionais.

A aplicación contará cunha base de datos MYSQL que almacenará datos ficticios sobre competicións, probas, etc... Estos datos serán expostos por una API desenvolta co framework Spring Boot e consumidos por una aplicación web desenvolta co framework de front-end Angular.

Adoptarase a metodoloxía Scrum para a xestión do proxecto, usando a ferramenta Trello.